



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

1 / 2

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 13/11/2013 11:24:47

ENTRADA 25216 / RX 873383



Xefatura Territorial da Consellería de
Economía e Industria
Delegación Territorial de Lugo
Ronda da Muralla, 70
27071 Lugo

ASUNTO: Resposta a petición de informe sobre o "Proxecto de explotación, estudo de impacto ambiental e o plan de restauración" da solicitude de concesión de explotación derivada de permiso de investigación "Riocobo nº 5863.1"

Serafín J. González Prieto, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural (en adiante SGHN), na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

1. Que no proxecto non concorre ningunha das consideracións establecidas no Artigo 6 da DC 92/45/CEE e no Artigo 45.6 da Ley 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade.
2. Que é preciso extremar as medidas para evitar as afeccións do proxecto sobre hábitats de interese comunitario (DC 92/43/CEE) e especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona.
3. Que o proxecto debera contemplar todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
4. Que, unha vez rematadas as labores extractivas, as medidas de recuperación poden mellorarse cara á creación dun novo biotopo de reforzamento das poboacións de anfibios da zona, así como de insectos acuáticos.
5. Que non dispendo de información suficiente para emitir informe contrastado sobre os posibles afectacións sobre a flora, fauna e xea local, esta entidade non presenta unha relación detallada de consideracións ó proxecto, sen que isto implique en modo algún que a SGHN considere apropiado o devandito proxecto.
6. Que, en base á experiencia actual, o período de explotación para o que se solicita o proxecto resulta excesivo para permitir un control axeitado por parte da administración, quedando xeralmente á boa fe dos propietarios da explotación o cumprimento das labores de restauración da zona, tal como se especifican no proxecto.

Por todo o anterior.

SOLICITA:

1. Que se teña por presentado o presente escrito.
2. Que se reduza o tempo autorizado de explotación.



3. Que, ao non concorrer no proxecto ningunha das consideracións establecidas no Artigo 6 da DC 92/45/CEE e no Artigo 45.6 da Ley 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, non se autorice a afección sobre:
 - a. Hábitats de conservación prioritaria na UE (DC 92/43/CEE).
 - b. Especies incluídas no Anexo II da Ley 42/2007 presentes na zona.
 - c. As zonas da Rede Natura 2000 e as previstas para a súa ampliación.
4. Que se extremen as medidas para evitar as afeccións do proxecto sobre:
 - a. Hábitats de interese comunitario (DC 92/43/CEE) e estudie alternativas para minimizalos canto sexa técnica e ambientalmente posible.
 - b. As especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e se contemple a adopción de medidas mitigadoras.
5. Que se inclúan no proxecto todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
6. Que no proxecto de "recuperación" da zona se contemple o aproveitamento das paredes verticais resultantes da extracción da pedra para practicar varios ocos, aproveitando as fendas da pedra, a unha distancia non inferior a dous metros da cota superior e distanciadas entre os ocos alomenos dez metros para favorecer a colonización de aves como *Corvus corax*, *Falco tinnunculus* e *Falco peregrinus*, especies que en Galicia aproveitan as paredes das canteiras abandonadas. Ao respecto debera contemplarse a información científica dispoñible: Castillo, I., Elorriaga, J., Zuberogoitia, I., Azkona, A., Hidalgo, S., Astorkia, L., Iraeta, A. e Rúaiz, F. (2008). Importancia de las canteras sobre las aves rupícolas y problemas derivados de su gestión. *Ardeola* 55, 103-110.
7. Que cando se proceda á restructuración das cuncas de extracción, se prevea a conformación de cuncas pouco profundas (menores de un metro) para a formación de charcas, especialmente se na zona se produce un nacente a consecuencia das aberturas de fendeduras na rocha. Igualmente, cando se produza a nivelación do terreo, procúrese deixar unha pendente non maior a 30° dende a beira ó centro da cunca. No caso de dificultades técnicas para conformar este tipo de cunca, non se debería deixar diferencias de nivel entre o fondo e a beira da cunca de máis de un metro, para favorecer o asentamento de vexetación hidrófila e a colonización natural de anfibios, xa que en caso contrario, co ciclo de desecación estival, estas cuncas actuarían de trampas para a fauna.
8. Que baixo ningún concepto se inclúan especies vexetais alóctonas no proxecto de recuperación e se empreguen especies que teñan certificada a súa procedencia xenética en poboacións galaicas, ó obxecto de evitar a contaminación xenética das poboacións autóctonas.

En Santiago de Compostela, a 7 de novembro de 2013

Serafín González Prieto

Presidente SGHN

